




2. LA CORUÑA.—Calle de San Andrés.



La Coruña Calle de San Andres.



La Coruña — Fuente de Sta Catalina.



PLANO DE SITUACIÓN
ESTADO ACTUAL. LÍMITES DE ACTUACIÓN
ESCALA 1/500

MEMORIA DESCRIPTIVA XERAL

Ámbolos dous ámbitos de actuación poderían ser pensados como un só : se superpoñemos os planos das aliacións realizados por Barón y Yáñez en 1.874 vemos que ámbolos dúas zonas participan do mesmo ambiente urbán. Hoxendia, a escola e o tráfico rodados da rúa San Andrés e a barreira de edificacións existente entre os dúas prazas fan a súa lectura moito máis individual.


De calquera xeito, o criterio proxectual pretende ser unitario tanto en materiais (herdanza directa das dúas primeiras actuacións xa realizadas pola Oficina de Rehabilitación nas prazas do Africano e na Praciña de Pastoriza), como en morfoloxía, focalizándose o esforzo neste anteprojecto na praza de Santa Catalina por motivos históricos e por seren unha das prazas que máis cambios sufriu ao longo deste último século.




As directrices de ámbolos proxecto van encamiñadas a unha recuperación das sensacións que as vellas e belas postais da cidade da Coruña transmiten a quen as ollea hoxe, sempre cunha linguaxe moderna, adaptada aos tempos actuais

As liñas xerais de actuación en ámbolos dous ámbitos obxecto do proxecto, responden a unha crecente interese por rexenera-los tecidos máis lonxevos das cidades a base de baleirar espazos. Tal estratexia trae consigo unha posta en valor dos elementos urbáns máis significativos das épocas que precisamente xeraron eses vacíos. En moitas ocasións, como na Praza de Santa Catalina, o paso do tempo desvirtuou ese carácter que tiña a praza, incluso como elemento de mercado temporal, tornándose nun lugar de paso, nun espazo dinámico no peor dos seus sentidos, e ocultando o elemento Neptuno, onde fai tempo que se recolla a auga en sellas. Qué mellor actuación neste caso que recuperar a circulación ao redor da fonte e a súa presenza a base de baleirar o parterre.

Outra imaxe impactante é a que se desprende daquela postal onde se ven as costas do deus da auga, pero non porque sexan as súas costas senón porque a súa figura se recorta nos edificios da antiga Espoz y Mina, que de todo o contorno da praza, é o que máis se respetou e, curiosamente queda no alzado que menos contato ten coa mesma. De aquí parte a outra necesidade de proxecto : protexe-la fonte do fondo dos edificios que pechan a praza ao sur e potenciar a vista das galerías a San Andrés, como antigamente sucedía.



Un pouco máis lonxe destas solucións tan singulares no tocante á Praza de Santa Catalina, xorde o outro ámbito de actuación, que xa ven lanzado desde a Praciña de Pastoriza, e que non fai máis que insistir nese baleirado dos espazos, que ademais gozan de pouco asoleo. Ese « facer ocos » a base de retirar-las palmáceas e controla-la vexetación de grandes copas, vístese dunha linguaxe similar á que se empregou no seu momento na Praciña, moderna e contida, para unificar toda a actuación ata a Praza da Cormelana, pasando pola rúa Picos.





PRAZA DA CORMELANA E RÚA PICOS		
CAPÍTULOS		IMPORTE
CP 01	ACTUACIÓNS PREVIAS	32.345,90 €
CP 02	PAVEMENTOS E FIRMES	122.360,00 €
CP 03	SANEAMENTO	33.063,40 €
CP 04	ABASTECIMENTO DE AUGA	12.575,28 €
CP 05	ELECTRICIDADE	9.371,32 €
CP 06	ILUMINACIÓN	21.945,30 €
CP 07	TELECOMUNICACIÓNS	17.856,00 €
CP 08	GÁS	3.178,64 €
CP 09	XARDINERÍA, MOBILIARIO URBÁN E RESIDUOS	26.821,60 €
CP 10	SEGURIDADE E SAÚDE E CONTROL DE CALIDADE	8.600,00 €
TOTAL P.E.M.		288.117,44 €
13 % Gastos Xerais		37.455,27 €
6 % Beneficio Industrial		17.287,05 €
SUMA		342.859,76 €
REDACCIÓN DE PROXECTO		19.213,59 €
ESTUDIO DE SEGURIDADE E SAÚDE		850,00 €
16 % I.V.E.		58.067,74 €
TOTAL PRAZA DA CORMELANA E RÚA DE PICOS		420.991,09 €







DESCRIPCIÓN DA INTERVENCIÓN

As liñas de actuación resúmen en recuperar a presenza da fonte facéndoa percorrible en todo o seu perímetro e potencia-las visuais dende a praza a través da fonte até a rúa de San Andrés e colocar un telón de fondo vexetal na parte posterior da fonte que a protexa do impacto ambiental dos edificios construídos a posteriori e que tantísimo difiren dos que se mostran na imaxe histórica

O mencionado telón de fondo pódese plantexar en follas perennes para protexer as visuais durante todo o ano, se ben é certo que a existencia xa de árbores de porte considerable nos laterais da mesma poden dar a oportunidade de seren transplantadas a esa parte posterior. O que si parece indubidable é que os **árbores laterais** deben ser de follas caducas, de copa alta e pouca porte para facer máis visible a fonte desde todos os puntos da praza de día e de noite, cunha iluminación que se plantexa con proxectores desde catro postes situados nos mesmos alcornoques dos árbores e que servirían como tutores destes. Tal solución de árbores de cativo porte melloraría tamén o aseo da praza en inverno.

Trátase por tanto dunha actuación de recuperación da imaxe de Neptuno e a tradicional presenza da fonte na rúa e na praza, sentindo certa nostalgia daquela época, pero sendo plenamente conscientes da época que nos ocupa.



PRAZA DE SANTA CATALINA		
CAPÍTULOS		IMPORTE
SC 01	ACTUACIÓN PREVIAS	21.169,50 €
SC 02	PAVEMENTOS E FIRMES	115.500,00 €
SC 03	SANEAMENTO	17.406,05 €
SC 04	ABASTECIMENTO DE AUGA	9.312,96 €
SC 05	ELECTRICIDADE	6.974,78 €
SC 06	ILUMINACIÓN	14.871,50 €
SC 07	TELECOMUNICACIÓNS	10.458,00 €
SC 08	GAS	2.792,75 €
SC 09	XARDINERÍA, MOBILIARIO URBAN E RESIDUOS	20.340,64 €
SC 10	SEGURIDADE E SAÚDE E CONTROL DE CAIDADE	5.500,00 €
TOTAL P.E.M.		224.326,18 €
13 % Gastos Xerais		29.162,40 €
6 % Beneficio Industrial		13.459,57 €
SUMA		266.948,15 €
REDACCIÓN DE PROXECTO		14.968,40 €
ESTUDIO DE SEGURIDADE E SAÚDE		820,00 €
16 % I.V.E.		45.237,85 €
TOTAL PRAZA DA CORMELANA E RUA DE PICOS		327.974,40 €

